<p>Consultar o apéndice ao final do documento</p> <p>Para realizar a avaliación parcial tomaranse como referencia os criterios do currículo, especificados nos estándares de aprendizaxe, segundo a temporalización establecida no apartado 4 desta programación.</p> <p>Non obstante, de acordo co que se indica sobre a temporalización, os bloques de contidos traballaranse en tódolos trimestres dun xeito sumativo, co fin de constatar a evolución do alumno.</p> <p>A adquisición de cada estándar graduarase de acordo coa escala establecida (de 0 a 10), en virtude dos indicadores de</p>

logro establecidos ao efecto. A cualificación establecerase segundo os criterios especificados no apartado 7.2.

A adquisición dos estándares se indica segundo dous tipos de escalas:

a) Escala 0-10:

Escala 0-10:

0	Inadecuado	Non presenta o instrumento de avaliación, entrega en branco a tarefa avaliable ou a tarefa non conta con ningún dos elementos fundamentais do indicador establecido.
1	Moi deficiente	Contesta algunha pregunta mais sen ningún acerto
2	Deficiente	Contesta algunha(s) pregunta(s) con acerto(s) mínimo(s).
3	Insuficiente	Omitense numerosos elementos fundamentais do indicador establecido.
4	Insatisfactorio	Se ben se fai referencia ao esixido, omítense aínda elementos fundamentais do indicador establecido .
5	Suficiente	Acada o cumprimento suficiente do indicador establecido
6	Satisfactorio	Ao cumprimento suficiente, engade tratamento bó nun apartado da proba.
7	Competente	Ao cumprimento suficiente, engade tratamento bó en máis dun apartado da proba
8	Notable	Evidéncianse prácticas sólidas. Evidencia clara de competencia e dominio técnico no indicador establecido
9	Sobresaliente	Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas
10	Extraordinariol	Exercicio impecable en forma e contido.

O alumno aproba a materia no momento en que acada o aprobado, é dicir: conta cunha cualificación mínima de 5 puntos e supera como mínimo, 5 dos 6 estándares da modalidade presencial; ou 4 dos 5 estándares esenciais da modalidade telemática.

Avaliación final

Para obxectivar isto cremos que a mellor fórmula é outorgar unha porcentaxe da nota final a cada avaliación da seguinte maneira:

- Primeira Avaliación : 20 % da nota final
- Segunda Avaliación: 30 % da nota final
- Terceira Avaliación: 50 % da nota final.

Isto pode variar se teñen, claro está, realizado algunha das probas non obrigatorias.

Para o alumnado para o que non é posible realizar unha avaliación continua, programárase unha proba escrita e oral extraordinaria na que se dea conta dos estándares esenciais..

Avaliación extraordinaria

Para o alumnado que non acade a cualificación de aprobado na avaliación final, programárase unha proba escrita extraordinaria na que se dea conta dos estándares básicos. Este ano esa proba terá lugar á finais do mes de xuño e non en setembro, como se facía tradicionalmente.

É preciso indicar que entre a avaliación final e a extraordinaria todos os estudantes -tanto os que aprobaron como os que suspenderon, continuarán asistindo ás clases para faceren aqueles, exercicios de repaso cara á posible recuperación da materia, mentres que os últimos estean a facer exercicios de extensión/ampliación.

Criterios de cualificación

Criterios de cualificación

Para aprobar, un alumno necesitará ter un mínimo dun 50 % da puntuación posible de, polo menos, 8 dos 10 estándares esenciais.

A cualificación de cada estándar establécese en relación co grao de logro acadado, sendo 5 o grao mínimo especificado no apartado 4. A cualificación da avaliación final establécese en relación co grao de logro e a ponderación de cada un dos estándares do curso. A cualificación da avaliación parcial establécese en relación co grao de logro e a ponderación de cada un dos estándares avaliables nese trimestre. Non obstante, para aprobar unha avaliación parcial

ou final, é preciso demostrar que se acadan polo menos 8 dos estándares que se establecen como esenciais para a materia.

Nas redaccións penalizaranse os erros do seguinte modo:

-0'25 por erros menores tais como duplicacións incorrectas (“beautiful”), letras illadas (“advine/advise”), confusión de vogais (“responsability”), olvido dun apóstrofo (“the children room”), ou uso dun apóstrofo + S con nomes comúns plurais (“the students’s room”)

-0'50 por erros tais como confusión na orde de palabras (“the car red”), confusión nos posesivos (“his/her”), formas incorrectas para os verbos irregulares, etc

-0'75 por erros tais como orde errónea de palabras (“ I read all the time novels”), etc.

-1 punto por erros tais como utilizar formas verbais do presente por formas verbais do pasado, estrutura pobre (ausencia de parágrafos lóxicamente estruturados, pobreza léxica etc

A nota dependerá sobre todo de que @ alumn@ se axuste ao que se lle pide cun texto de complexidade apropiada para 1º de Bacharelato.

Para aprobar cada trimestre, un alumno necesitará ter 5 dos 6 estándares esenciais, aprobados. Se se teñen suspensos 1 estándares esenciais , os estudantes só poden aspirar a unha nota de 5 ou 6, ou de maneira extraordinaria a un 7.. As notas superiores (7, 8, 9, 10) requiren ter aprobados tódolos estándares esenciais da seguinte maneira, aproximadamente:

- Suporá ter un 70 % da nota en tódolos estándares;
- Suporá ter un 80 % da nota en tódolos estándares;
- Suporá ter un 90 % da nota en tódolos estándares.

A nota 10 outorgarase de maneira excepcional ao(s) estudante(s) de nota 9 que se destacasen de maneira especial (ter unha nota de 9 en arredor do 70% dos estándares), xa que a obtención dun 100 % da puntuación nun curso enteiro faise imposible.

Cada estándar contaría ata 1 punto, dependendo da nota nese estándar. Consideramos que, se un/ha alumn@ ten tódolos estándares aprobados, un mínimo de 8 en tódalas preguntas do exame xa lle outorga probablemente o punto completo do estándar. Se por algún motivo, algún estándar quedase sen poder ser avaliado, calificaríase sobre o número de estándares que sí formaron parte das probas e se mantería o número de dous estándares que poden non ser superados. Por exemplo, se o estándar oral do monólogo quedase sen ser avaliado, o número de estándares avaliados pasaría de 10 a 9; mais os alumnos poderían seguir suspendendo 2 estándares e obter un aprobado.

Ponderacións parciais

En cada un dos tres trimestres calificaranse os 6 estándares considerados esenciais (modalidade presencial) ou 5 (modalidade telemática), que supoñen o 100% da calificación. (O estándar SLEB3.2 só aparece no trimestre 1º e 2º e o estándar SLEB3.7 só no terceiro). Se por algún motivo, algún estándar quedase sen poder ser avaliado, calificaríase sobre o número de estándares que sí formaron parte das probas e se mantería o número de dous estándares que poden non ser superados; é dicir , se non se fai un estándar , o número de estándares avaliados quedaría reducido mais aínda se lles permitiría suspender 1 deles.

A proba oral e escrita extraordinaria cualificarase de igual maneira.

Ponderación Final

Estándares	Tipo de estándar	% do estándar	Avaliado no trimestre...
PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volumen da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.	NE	0 %	Non se especifica
PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos).	NE	0 %	3º
PLEB 1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre			

que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.	NE	0 %	2º
PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países).	E	15 %	1º, 2º, 3º
PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.	E	15 %	1º, 2º, 3º
PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.	E	15 %	1º, 2º, 3º
PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas.	NE	0 %	2º
PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.	NE	0 %	3º
PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crezas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos.	NE	0 %	Ao fin de curso; Impresión xeral
PLEB.2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.	NE	0 %	3º
PLEB.2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción.	NE	0 %	2º, 3º
PLEB.2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos.	NE	0 %	En calquera momento ^{2º}
PLEB.2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal	NE	0 %	En calquera momento
PLEB.2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiás de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir.	NE	0 %	En calquera momento
PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiás e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.	NE	0 %	En calquera momento

PLEB.2.8. Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	NE	0 %	1º, 2º e 3º trim.
PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.	NE	0 %	En calquera momento
PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua.	E	15 %	1º, 2º, 3º, 2º, 3º
PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.	E	15 %	1º, 2º
PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).	NE	0 %	2º
PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).	NE	0 %	3º
PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folle tos, prospectos, programas de estudos universitarios).	NE	0 %	1º, 2º, 3º
PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.	E	15 %	3º
PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.	NE	0 %	1º
PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.	E	20 %	1º, 2º, 3º
PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)	NE	0 %	2º, 3º
PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas).	E	15 %	1º, 2º, 3º
PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos.	NE	0 %	3º
PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.	NE	0 %	3º
PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.	NE	0 %	1º, 2º
PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.	NE	0 %	En calquera momento
PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.	NE	0 %	2º
PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfíre á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.			

	NE	0 %	3º
PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizarlas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	NE	0 %	1º, 2º, 3º
PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.	NE	0 %	2º
PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.	NE	0 %	En calquera momento
PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.	NE	0 %	1º
PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.	E	20 %	1º, 2º, 3º
PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.	E	20 %	1º, 2º, 3º
PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).	NE	0 %	En calquera momento
PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	NE	0 %	3º

Crterios de promoción

Crterios de promoción
O alumno aproba a materia no momento en que acada o aprobado, é dicir: supera como mínimo, 8 dos 10 estándares considerados máis básicos nesta programación.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		

6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordinase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrix e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas		

aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
Non se aplican.

Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial
Nas primeiras semanas de clase revisaranse os usos aplicados dos tempos verbais do presente en actividades escritas e orais. Trataranse, por unha banda, os “habitos” -p.e. de persoas con determinadas profesións- e así revisar o Present Simple; e, por outra banda, as “descricións de imaxes” que serven de excusa para utilizar o Present Continuous. Seguidamente solicitaráselles aos alumnos a entrega dunha redacción sobre un cadro famoso, na que mesturen correctamente os dous tempos. Terá carácter orientativo para min e, para eles, didáctico sobre o que realmente saben e sobre o meu xeito de correxir e calificar. Esta proba inicial complementarase coa observación directa dos primeiros días de clase.
Medidas individuais e colectivas
Os resultados da avaliación inicial servirán para establecer os coñecementos previos do grupo, que deberán ser precisados ao principio de cada unidade, co fin de moderar a temporalización prevista na programación ou para propoñer a ampliación ou reforzo dalgún aspecto da materia, sexa individual ou colectivamente.

Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade
En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima. É dicir, teranse en conta as orientacións específicas facilitadas polo Departamento de Orientación para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Elementos transversais que se traballarán
O artigo 4 do Decreto 86/2015, sobre os elementos transversais do currículo, indica que:
1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva

entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias e extraescolares

Non están previstas actividades complementarias e extraescolares.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

A programación didáctica poderase revisarase ao remate de cada avaliación, no que se contrastarán os indicadores de logro establecidos no apartado 8 e se analizarán os resultados académicos obtidos no trimestre. Se na avaliación do proceso de ensino e da práctica docente ou na avaliación do resultados académicos se aprecia a necesidade de modificar a programación nalgún aspecto, precisará o visto bo do departamento e virá seguido da comunicación á xefatura de estudos.

APENDICE: modalidades de ensino (presencial/telemática/semi-presencial) e avaliación e cualificacións correspondentes.

IES O Ribeiro Curso 2021-2022

Programación de 1º de Bacharelato

a) Modalidade presencial

Avaliación

Realizarase unha tanda de probas (Reading, Writing, Grammar & Vocabulary e Listening).

Para a destreza de *Comprensión escrita* (Reading) calificaremos dous estándares:

- un texto con preguntas de “true/false” e preguntas de vocabulario (estándar 3.2)
- un libro de lectura: a) informativo/de consulta nos dous primeiros trimestres (estándar 3.3)
b) literario no terceiro trimestre (estándar 3.7)

Para a destreza de *Expresión escrita* (Writing) calificaremos dous estándares:

- un exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.3)
- unha redacción (estándar 4.1; aplicables: o 4.2)

Para a destreza de *Comprensión oral* (Listening) calificaremos un estándar:

- un exercicio ou ben con preguntas para ser contestadas en detalle ou ben un exercicio con enunciados para ser identificados como “verdadeiros” ou “falsos” (e correxidos estes últimos) de acordo coa información que proporciona un discurso oral (poderá ser un dos seguintes estándares: 1.4 ou 1.6 ou 1.7).

A destreza de *Expresión oral* (Speaking) será practicada e avaliada mediante a realización de exercicios orais (diálogos) como noutros anos mais este curso non será calificada na tanda de exames debido á imposibilidade da súa realización en horas lectivas debido á carga de alumnado deste profesor (arredor de 150 estudantes).

Nesta tanda de probas, ademais das catro destrezas, haberá un exercicio tipo test con arredor de 40 preguntas para avaliar os estándares 5.2, 5.6, 5.7, que figuran na sección de Coñecemento de lingua.

Cualificación

As porcentaxes outorgadas aos exercicios serán as seguintes:

Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

- texto (estándar 3.2) 15 %
- libro de lectura (estándar 3.3 e 3.7) 15 %

Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

- ejercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.3) 15 %
- redacción (estándar 4.1) (aplicarase nela o 4.2) 20 %

Comprensión oral (Listening) calificaremos da seguinte maneira o estándar:

- ejercicio de escoita (un dos seguintes:1.4, 1.5, 1.6, 1.7) 15 %

Coñecemento de lingua : test (estándares 5. 2, 5.6, 5.7) 20 %

Para obter unha cualificación igual ou superior a 5, o estudante deberá aprobar os 6 estándares (cada un representado nunha das partes do exame) ou, no seu defecto, 5 deles e unha nota de un mínimo de 3 no único estándar que suspenda. Para superar un estándar é necesario superar o 50 % dos contidos do exercicio . Atención: no Test penalizaranse as respostas contestadas erróneamente e é posible que alguén obteña 20 acertos en 40 preguntas mais, se tén erros noutras preguntas, non chegue a ese 50 % esixido).

b) Modalidade telemática

Traballo

Básicamente o traballo realizarase por medio da Aula Virtual do noso IES.

-Farase un seguimento do libro de texto: realizaranse polo miúdo as actividades de Reading e Gramática e Vocabulario e, se as editoriais o facilitasen, as de Listening. (De no poderen realizarse estas últimas, remitiremos aos estudantes á páxina ELLLO (English Listening Lesson Library Online) para a súa práctica, guiada e libre.

-Achegaranse exercicios de práctica, reforzo e extensión das estruturas gramaticais e do vocabulario, así como mostras dos exercicios de expresión escrita (Writing), de que serán responsables. Contemplamos a realización de tests sinxelos para adquirir práctica para a proba trimestral consistente nun test de, posiblemente, corenta preguntas. As respostas aos exercicios propostos achegaranse ao cabo de un par de días para incentivar a autocorrección no alumnado.

-Para a práctica da Expresión Oral, achegaranse á A.V. os diálogos que consideremos idóneos para as distintas leccións para que sexan practicados en parellas cando os estudantes quixeren.

-Trataremos de realizar unha conexión semanal mediante Cisco Webex para a consulta e resolución de dúbidas, que tamén serán atendidas no Foro da A.V.

-Para exercicios complementarios de Comprensión Escrita remitirase aos estudantes á páxina web “Breaking News English”.

Para a práctica da Expresión Escrita (Writing) propoñeranse títulos para as redaccións, que os estudantes poderán facer e enviarme para a súa corrección. Estas redaccións serán correxidas e devoltas mais no formarán parte da calificación trimestral.

Polo que se refire ás probos trimestrais, a única diferenza que contemplamos é a eliminación da proba de Comprensión oral (“Listening”) porque non estamos seguros de alcanzar o nivel de coñecementos informáticos requerido para a súa realización correcta e fiable. Esta eliminación suporá unha revisión das porcentaxes outorgadas a cada parte da tanda de exames, tal como se indica na sección de Cualificación.

Avaliación

Realizarase unha tanda de probas (Reading, Writing, Grammar & Vocabulary).

Para a destreza de Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira dous estándares:

-un texto con preguntas de “true/false” e preguntas de vocabulario (estándar 3.2)

-un libro de lectura: a) informativo/de consulta nos dous primeiros trimestres (estándar 3.3)

b) literario no terceiro trimestre (estándar 3.7)

Para a destreza de Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira dous estándares:

-un exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.3)

-unha redacción (estándar 4.12) (aplicarase nela o 4.2)

A destreza de Expresión oral (Speaking) será practicada e avaliada mediante a realización de exercicios orais (diálogos) como noutros anos mais este curso non será calificada na tanda de exames debido á imposibilidade da súa realización en horas lectivas debido á carga de alumnado deste profesor (arredor de 150 estudantes).

Nesta tanda de probas, ademáis das catro destrezas, haberá un exercicio tipo test con arredor de 40 preguntas para avaliar os estándares 5. 2, 5.6, 5.7, que figuran na sección de Coñecemento de lingua.

Cualificación

As porcentaxes outorgadas aos exercicios serán as seguintes:

Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-texto (estándar 3.2)	20 %
-libro de lectura (estándar 3.7)	15 %

Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-exercicio de "Questions & Answers" (estándar 4.3)	20 %
-redacción (estándar 4.1; aplicable nela o 4.2)	20 %

Coñecemento de lingua : test (estándares 5. 2 ou 5.6 ou 5.7) 25 %

Para obter unha cualificación igual ou superior a 5, o estudante deberá aprobar os 5 estándares (cada un representado nunha das partes do exame) ou, no seu defecto, 4 deles e unha nota de un mínimo de 3 no único estándar que suspenda. Para superar un estándar é necesario superar o 50 % dos contidos do exercicio . Atención: no Test penalizaranse as respostas contestadas erróneamente e é posible que alguén obteña 20 acertos en 40 preguntas mais, se tén erros noutras preguntas, non chegue a ese 50 % esixido).

c) Modalidad semi-presencial

Segundo cando se suspenda o ensino presencial e se implante un período de confinamento aplicaríamos un modelo (Modalidad presencial) ou ben o outro (Modalidad telemática). É dicir, se non hai suspensión das clases cara ao fin de calquera dos tres trimestres, poderíamos aplicar a Modalidade presencial (realizando a parte de Listening). Se se produce confinamento cara ao fin do trimestre e non podemos realizar a proba de Listening, aplicaríamos a Modalidade telemática.

É, polo tanto, posible que se combinen as dúas modalidades ao longo de todo o curso escolar. Nese caso cada trimestre se avaliaria segundo a modalidade aplicada.

Avaliación

Realizarase unha tanda de probas (Reading, Writing, Grammar & Vocabulary e, se é posible, Listening).

Para a destreza de Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira dous estándares:

- un texto con preguntas de "true/false" e preguntas de vocabulario (estándar 3.2)
- un libro de lectura: a) informativo/de consulta nos dous primeiros trimestres (estándar 3.3)
b) literario no terceiro trimestre (estándar 3.7)

Para a destreza de Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira dous estándares:

-un exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.3)

-unha redacción (estándar 4.1; aplicable nela o 4.2)

A destreza de *Expresión oral* (Speaking) será practicada e avaliada mediante a realización de exercicios orais (diálogos) como noutros anos mais este curso non será calificada na tanda de exames debido á imposibilidade da súa realización en horas lectivas debido á carga de alumnado deste profesor (arredor de 150 estudantes).

Nesta tanda de probas, ademais das catro destrezas, haberá un exercicio tipo test con arredor de 40 preguntas para avaliar os estándares 5. 2, 5.6, 5.7, que figuran na sección de Coñecemento de lingua.

Cualificación

As porcentaxes outorgadas aos exercicios serán as seguintes.

a) se aplicamos os criterios da modalidade presencial (no caso de poder facer a proba de Listening, é dicir, se non son suspendidas as clases cara ao fin do trimestre nos días previstos para facela)

Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-texto (estándar 3.2) 15 %

-libro de lectura (estándar 3.7) 15 %

Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.3) 15 %

-redacción (estándar 4.1; aplicable nela o 4.2) 20 %

Comprensión oral (Listening) calificaremos da seguinte maneira o estándar:

-exercicio de escoita(un dos seguintes:1.4, 1.6, 1.7) 15 %

Coñecemento de lingua : test (estándares 5. 2, 5.6, 5.7) 20 %

Para obter unha cualificación igual ou superior a 5, o estudante deberá aprobar os 6 estándares (cada un representado nunha das partes do exame) ou, no seu defecto, 5 deles e unha nota de un mínimo de 3 no único estándar que suspenda. Para superar un estándar é necesario superar o 50 % dos contidos do exercicio . Atención: no Test penalizaranse as respostas contestadas erróneamente e é posible que alguén obteña 20 acertos en 40 preguntas mais, se tén erros noutras preguntas, non chegue a ese 50 % esixido).

b) se aplicamos os criterios da modalidade telemática (no caso de seren suspendidas as clases cara ao fin do trimestre e imposibilitar a realización da proba de Listening nos días previstos para facela)

Comprensión escrita (Reading) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-texto (estándar 3.2)	20 %
-libro de lectura (estándar 3.7)	15 %

Expresión escrita (Writing) calificaremos da seguinte maneira os dous estándares:

-exercicio de “Questions & Answers” (estándar 4.3)	20 %
-redacción (estándar 4.1; aplicable nela o 4.2)	20 %

Coñecemento de lingua : test (estándares 5. 2, 5.6, 5.7) 25 %

Se aplicamos o modelo de Cualificación da Modalidade Presencial:

Para obter unha cualificación igual ou superior a 5, o estudante deberá aprobar os 5 estándares (cada un representado nunha das partes do exame) ou, no seu defecto, 5 deles e unha nota de un mínimo de 3 no único estándar que suspenda. Para superar un estándar é necesario superar o 50 % dos contidos do exercicio . Atención: no Test penalizaranse as respostas contestadas erroneamente e é posible que alguén obteña 20 acertos en 40 preguntas mais, se tén erros noutras preguntas, non chegue a ese 50 % esixido).

CUALIFICACIÓN FINAL

Para aprobar cada trimestre, un alumno necesitará ter 5 de 6 (modalidade presencial)ou 4 de 5 estándares básicos, aprobados. Se se ten suspenso 1 estándar esencial , os estudantes só poden aspirar a unha nota de 5 ou 6, ou de maneira extraordinaria a un 7.. As notas superiores (7, 8, 9, 10) requiren ter aprobados tódolos estándares esenciais da seguinte maneira, aproximadamente:

- Suporá ter un 70 % da nota en tódolos estándares;
- Suporá ter un 80 % da nota en tódolos estándares;
- Suporá ter un 90 % da nota en tódolos estándares.

A nota 10 outorgarase de maneira excepcional ao(s) estudante(s) de nota 9 que se destacasen de maneira especial (ter unha nota de 9 en arredor do 70% dos estándares), xa que a obtención dun 100 % da puntuación nun curso enteiro faise imposible.

Consideramos que, se un/ha alumn@ ten tódolos estándares aprobados, un mínimo de 8 en tódalas preguntas do exame xa lle outorga probablemente o punto completo do estándar. Se por algún motivo, algún estándar quedase sen poder ser avaliado, calificaríase sobre o número de estándares que sí formaron parte das probas e se mantería o número de dous estándares que poden non ser superados.

A cualificación final de cada estudante resultará da suma das cantidades obtidas tras aplicar ás notas trimetraís as seguintes porcentaxes:

1º trimestre: 20 %

2º trimestre: 30 %

3º trimestre: 50 %.

Consideramos que estas porcentaxes son xustas polos seguintes motivos. Esta é unha materia das chamadas “progresivas”, nas que non se eliminan partes da materia unha vez feitos e aprobados os exames correspondentes: quen asimilou a materia do terceiro trimestre seguramente pode dar conta suficiente da materia do primeiro e do segundo. Ademais, non se preven probas de recuperación. Deste modo sairá máis beneficiado o estudante que obteña 4, 5, 5 nos tres parciais que non aquél que obteña 5, 5 e 4 nas probas trimestrais.